

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Indique o termo correctamente escrito:**

- A) Abstrato.
- B) Estricto.
- C) Obxetivo.
- D) Abstruso.

**2. Sinale a opción correcta en galego:**

- A) Boda.
- B) Esbelto.
- C) Abó.
- D) Gravar.

**3. Cal é o termo que se corresponde coa definición "Terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras"?**

- A) Carballeira.
- B) Vide.
- C) Pomar.
- D) Souto.

**4. Indique a opción incorrecta:**

- A) A árbore.
- B) O lapis.
- C) A naris.
- D) A pantasma.

**5. Sinale a frase correcta:**

- A) Na póla do carballo hai un enxame de abellas.
- B) As pólas aínda non poñen. Son moi novas.
- C) Lanzoulle unha pola de bidueiro ao can para que fose atrás dela.
- D) O gato botouse tras as pólas.

**6. Sinale o enunciado correcto:**

- A) Unha bola de billar.
- B) Demostrou un gran dominio da bola.
- C) Ponme unha bola e tres barras de pan.
- D) Xogar ás bolas.

**7. Sinale o termo incorrecto:**

- A) Voda.
- B) Abogada.
- C) Móbil.
- D) Vasoira.

**8. Indique a frase incorrecta:**

- A) Os ósos soportan o peso do corpo.
- B) Botoulles ao cocido un oso de xamón.
- C) As mulleres primitivas facían anzois de óso.
- D) Aínda que se clasifica entre os carnívoros, o oso é un animal omnívoro.

**9. Indique o enunciado incorrecto:**

- A) Acamparon nunha valeira preto do río.
- B) Nas últimas filas había asentos baleiros.
- C) Volveu encher as copas valeiras.
- D) Un paracaídas freou a súa caída ao baleiro.

**10. Sinale a opción incorrecta:**

- A) A viaxe.
- B) O equipaxe.
- C) O traxe.
- D) A carruaxe.

Preguntas de reserva

**1. Indique o termo con xénero masculino:**

- A) Leite.
- B) Fraude.
- C) Liberdade.
- D) Asma.

**2. Cal dos seguintes termos ten xénero feminino?**

- A) Sangue.
- B) Auga.
- C) Legume.
- D) Mel.